 Concello de Vigo XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO PLANEAMENTO E XESTIÓN	EXPEDIENTE: 5180/401 ASUNTO: Consulta pública para a aprobación da ordenanza reguladora do Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras do Concello de Vigo
--	--

INFORME PROPOSTA

I. O Concello de Vigo desenvolve unha importante actividade en materia de xestión urbanística, necesaria para a execución do planeamento urbanístico e para posibilitar o cumprimento das obrigas atribuídas legalmente ás entidades urbanísticas colaboradoras.

As ditas entidades urbanísticas teñen carácter administrativo e dependen, neste orde, da Administración urbanística actuante que exerce as funcións de tutela, fiscalización e control que, neste ámbito, lle correspondan.

II. Por aplicación dos artigos 26 e 27 do Real decreto 3288/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana, unha vez aprobada a constitución das ditas entidades, tal acordo aprobatorio debía ser remitido ao Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras autonómico correspondente, aos efectos da súa inscrición, momento a partir do que adquirirían personalidade xurídica. Figurarían, ademais, neste Rexistro, algúns datos relevantes para o funcionamento da entidade, como a composición do órgano reitor ou o enderezo social.

Estes preceptos deixaron de ser aplicables na nosa Comunidade Autónoma a partir da entrada en vigor do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo (no sucesivo, RLSG), por mor do establecido na súa disposición derradeira segunda, letra c).

III. O RLSG, suprimiu, na súa Disposición adicional primeira, o Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras dependente da Xunta de Galicia, sen embargo, no seu artigo 322.6 recoñece que os Concellos poderán crear, regular e xestionar un rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras radicadas no seu ámbito territorial.

IV. Por resolución do Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal de día 23.02.2017, encomendouse ao Secretario do Pleno a instrucción do expediente administrativo para a elaboración e aprobación do Plan Anual Normativo do Concello de Vigo


V. O artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, con carácter previo á elaboración dos proxectos ou anteprojectos da lei e regulamentos, substanciárase unha consulta pública para recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma.

VI. De acordo co criterio competencial consignado no acordo da Xunta de Goberno Local do 02.03.2017 relativo ao trámite de consulta para a elaboración da ordenanza de administración electrónica, así como na normativa de aplicación, previa proposta polo Consello da XMU, propónse a adopción do seguinte, ACORDO:

PRIMEIRO: Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas para a elaboración e aprobación da Ordenanza reguladora do Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras do Concello de Vigo, a través do enderezo <https://consulta.vigo.org>, durante o prazo de vinte días, para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións sobre os aspectos que figuran recollidos no anexo I do presente acordo.



Copia auténtica - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 06/03/2018 14:24	Páxina 1 de 4
DOCUMENTO URBANISMO	CSV: 2BEE4-38254-AE8C8-EBC45	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

 Concello de Vigo XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO PLANEAMENTO E XESTIÓN	EXPEDIENTE: 5180/401 ASUNTO: Consulta pública para a aprobación da ordenanza reguladora do Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras do Concello de Vigo
--	--

SEGUNDO: Dar traslado deste acordo ao Servizo municipal de Administración Electrónica para a posta en marcha do trámite de consulta na sede electrónica municipal.

TERCEIRO: Publicar o presente acordo na sede electrónica e no portal da transparencia.

Non obstante, este informe proposta non é vinculante e o órgano competente poderá decidir, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

Vigo, na data da sinatura electrónica.

A TÉCNICA DE ADMÓN.XERAL

CONFORME: A XEFA DE PLANEAMENTO E XESTIÓN

Asdo.: Lorena López Rodríguez

Asdo.: M^a. Belén González Ramírez

CONFORME COA PROPOSTA: O XERENTE DA XMU

Asdo.: Carlos Hernández Figueroa

ANEXO I


ELABORACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO DE ENTIDADES URBANÍSTICAS COLABORADORAS DO CONCELLO DE VIGO

TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA AO PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN DA NORMA

De conformidade co disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, con carácter previo á elaboración dos proxectos ou anteprojectos da lei e regulamentos, substanciarase unha consulta pública para recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, lévase a cabo a consulta previa no procedemento para a elaboración da ordenanza reguladora do rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras do Concello de Vigo.

A) Antecedentes da norma	O Concello de Vigo desenvolve unha importante labor en materia de xestión urbanística ben directamente, ben a través das entidades urbanísticas colaboradoras cuxa fiscalización e tutela ten legalmente atribuída. Esta intensa actividade urbanística ten o seu reflexo no significativo número de entidades urbanísticas constituídas no ámbito do Concello de Vigo co obxecto de desenvolver as funcións propias da xestión urbanística (xuntas de compensación, asociacións administrativas de propietarios, etc.) ou da conservación das obras urbanizadoras (entidades urbanísticas de conservación). Ata a entrada en vigor do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo
--------------------------	--

	Copia auténtica - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 06/03/2018 14:24	Páxina 2 de 4
	DOCUMENTO URBANISMO	CSV: 2BEE4-38254-AE8C8-EBC45	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

 Concello de Vigo XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO PLANEAMENTO E XESTIÓN	EXPEDIENTE: 5180/401 ASUNTO: Consulta pública para a aprobación da ordenanza reguladora do Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras do Concello de Vigo
--	--

	<p>que se aproba o Regulamento da Lei do Solo, a información significativa destas entidades urbanísticas, tales como membros dos órganos reitores ou domicilios sociais, constaban no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras dependente da Xunta de Galicia, que asumía as funcións propias do Rexistro previsto nos artigos 26 e 27 do Real decreto 3288/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana.</p>
B) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	<p>Para o mellor exercicio das funcións que a administración actuante ten legalmente encomendadas, resulta imprescindible que dispoña dunha ferramenta que permita un áxil control da diversidade de entidades vixentes, o rápido coñecemento dos datos directamente relacionados cos seus órganos de goberno e funcionamento (tales como a identificación das persoas que ocupan os cargos do órgano reitor, o domicilio social, etc.) e que permita a actualización permanente da información dispoñible.</p> <p>O volume de información manexada, o importante número de entidades constituídas e que se constituirán previsiblemente en desenvolvemento do planeamento urbanístico e a dilatada vida destas entidades, como se ven demostrando na práctica, fan necesario que toda esta información poda ser desagregada, organizada e custodiada pola administración actuante.</p>
C) Necesidade e oportunidade da súa aprobación	<p>Ata a entrada en vigor do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo, as administracións urbanísticas actuantes contaban co Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras dependente da Xunta de Galicia, no que se inscribían algúns aspectos que afectan relevantemente ao funcionamento das entidades.</p> <p>Sen embargo, dado que o nomeado Decreto procedeu á supresión do referido Rexistro de Entidades, resulta necesario que o Concello de Vigo poida contar cun instrumento semellante a aquel pero propio, no que conste de forma fehaciente canta información se considere relevante para o adecuado desempeño das funcións de tutela, control e fiscalización que ten atribuídas como entidade urbanística actuante.</p>
D) Obxectivos da norma	<p>A norma terá por obxecto poñer a disposición desta Administración urbanística e dos interesados, unha ferramenta que permita incorporar a un rexistro propio, como mínimo, os datos ata agora eran consignados no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras dependente da Xunta de Galicia, así como aqueles que afecten ás entidades que se constitúan no futuro.</p> <p>Desta forma, posibilitarase un seguemento máis eficaz da xestión urbanística e da custodia e manexo da información relevante que afecta</p>



Copia auténtica - Xerencia de Urbanismo - Vigo


Data impresión: 06/03/2018 14:24

Páxina 3 de 4

DOCUMENTO URBANISMO

CSV: 2BEE4-38254-AE8C8-EBC45

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

 Concello de Vigo XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO PLANEAMENTO E XESTIÓN	EXPEDIENTE: 5180/401 ASUNTO: Consulta pública para a aprobación da ordenanza reguladora do Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras do Concello de Vigo
--	--

	a estas entidades no exercicio das funcións públicas que legalmente teñen delegadas.
E) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	<p>A alternativa posible sería a non elaboración desta ordenanza co que se prescindiría desta ferramenta, sen embargo, a regulación dun rexistro administrativo como o previsto, regulado normativamente vía ordenanza, resulta a forma máis apropiada xuridicamente para ordenar a súa creación, xestión e funcionamento.</p> <p>As alternativas non regulatorias non resultan adecuadas para a organización desta ferramenta, habida conta dos fins que se pretenden acadar mediante a ordenación e custodia da citada información e dos efectos xurídicos que se derivan dos asentos do rexistro.</p>



Copia auténtica - Xerencia de Urbanismo - Vigo

Data impresión: 06/03/2018 14:24

Páxina 4 de 4

DOCUMENTO URBANISMO

CSV: 2BEE4-38254-AE8C8-EBC45

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>